

Os Equipos de Normalización Lingüística reúnen-se co Comité de Expertos da Carta Europea de Linguas Rexionais ou Minoritarias (CELRM) para avaliar a situación da lingua galega no ensino

Valentina Formoso, en representación da Coordinadora Galega de Equipos de Normalización e Dinamización Lingüística (CGENDL), participou na rolda de reunións que o Comité de Expertos da Carta Europea de Linguas Rexionais ou Minoritarias (CELRM) mantivo na tarde de hoxe en Madrid coa administración galega e diferentes institucións e colectivos do ámbito da defensa e promoción da lingua galega.

A Coordinadora Xeral da CGENDL presentoulle ao Comité de Expertos do CELRM un informe crítico sobre a situación actual do idioma no ámbito educativo tras as medidas desgaleguizadoras adoptadas pola Secretaría Xeral de Política Lingüística e a Consellería de Educación e Orientación Universitaria.

Valentina Formoso, Coordinadora Xeral da CGENDL, reuniuse co Comité de Expertos da Carta Europea de Linguas Rexionais ou Minoritarias (CELRM), que elaborará o informe sobre a aplicación e o cumprimento da CELRM no Estado español durante o período comprendido entre os anos 2006 e 2010. No decurso da xuntanza, Formoso achegoulles aos membros do Comité de Expertos a análise que o CGENDL fai sobre a situación da lingua galega no ensino durante os últimos anos, así como un dossier informativo para que os representantes europeos poidan seguir polo miúdo a evolución da política lingüística do goberno galego no sistema educativo e na sociedade.

Valentina Formoso expúxolles aos membros da delegación europea, encabezada por Simone Klinge, da Secretaría do Comité de Expertos, a crúa realidade pola que pasa o idioma no ensino tras as medidas adoptadas pola Xunta de Galicia neste eido: eliminación das escolas infantís en galego, nas que se impartía $\frac{2}{3}$ da docencia na lingua propia de Galicia; eliminación das liñas de galego en infantil; equiparación de materias impartidas en castelán (lingua hexemónica que non precisa protección) con materias en galego (lingua historicamente minorizada e que precisa protección) nun suposto deseño plurilingüe do sistema; eliminación do galego das áreas científico-tecnolóxicas; introdución do inglés como escusa para excluír o galego; incremento progresivo de documentación oficial redactada exclusivamente en castelán; redución de libros de texto, materiais e recursos escolares en galego, tamén no marco do Plan Abalar; difusión dun discurso prexuízoso contra o uso da lingua galega na sociedade, etc.

Todos estes epígrafes foron debidamente documentados co obxectivo de demostrar o resultado no ensino, e por tanto na sociedade, do activismo desgaleguizador que practica a actual Secretaría Xeral de Política Lingüística e a Consellería de Educación e Orientación Universitaria.